

Mércores, 1 de setembro de 2021

Núm. 168

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Recadación

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR, XULLO 2021

Por Resolución da Concellería de Facenda de data 26 de agosto de 2021 aprobouse a liquidación correspondente ao Prezo público polo servizo de axuda no fogar de xullo de 2021 por importe de 13.238,94 € e un total de 130 usuarios.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria aplicable á facenda das entidades locais en aplicación do disposto no artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aprobou o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, quedan expostos ao público durante o prazo de 15 días para o seu exame e reclamación por parte das persoas interesadas. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Contra as débedas consignadas nos padróns contributivos e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

- Reposición, perante a Concellería delegada de Facenda deste Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

- Contencioso-administrativo, perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de 6 meses dende a súa interposición, se non o fose.

- Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

Prazo de ingreso: o período voluntario de cobranza dos tributos indicados, para o Concello de Lalín, será de dous meses, contados a partir do día seguinte á publicación de este anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Se o vencemento coincide co día inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Lugar de ingreso: Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto de contribuíntes poderán facer o pago en calquera oficina das entidades bancarias de ABANCA, empregando o instrumento de cobramento que se facilitará no departamento de Tesourería.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:G10Q4RN6KYUYN86



Mércores, 1 de setembro de 2021

Núm. 168

A non recepción ou calquera outro erro nos datos consignados no documento de cobramento non exime da obriga de pagamento (art. 102 da Lei Xeral Tributaria). Os contribuíntes que non recibisen ou extraviasen o xogo de impresos correspondente, disporán ata o último día do prazo citado para solicitar un duplicado nas dependencias municipais.

Advírtese ós contribuíntes que poden facer uso da domiciliación bancaria para o pagamento segundo o disposto no artigo 38 do Regulamento xeral de recadación.

Días de ingreso: días hábiles, no horario de caixa establecido pola entidade colaboradora referida para o pagamento dos recibos non domiciliados.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento executivo, o devengo da recarga correspondente e demais conceptos esixibles tal e como se fixan nos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Lalín,

A Concelleira delegada de Facenda, Política Social e Estratexia Dusi

María Paz Pérez Asorey

Documento asinado electronicamente ao marxe.

